Trasalba 15 do Xaneiro 1948.

Sr. Dr. Antonio Fráguas
Sant-Iago

Meu querido e lembrado amigo: Tamén eu pensei en Vdes e "in mente" adiquéille memorias e desexos de ventura nas Festas que xa pasaron. Mais á miña preguiza xuntase traballo d'abondo e iste ir e vir de eiquí a Ourense e volta co que se estranquílla o día por o cánsro do viaxe en autobús e sempre case cas mesmas amas de cregos. negociantes e especulantes.

Supoño que non ha pasar moito tempo sin vermos. Cordero Carrete anunzoume o envío do folleto sobor do "P. Sarmiento"! Non tén ainda chegado. Tampouco a separata do de Vde.

Sigo traballando, pouco. no dos Cabaleiros de Rodas, e n'outras cousas. A ver si co alongamento dos días póñome a un ritmo mais vivo.

Agradecido e con impidos desexos pra Vde e os seus de paz e ventura, sempre seu c'un grande abrazo,

Otero Pedrayo